




FERVENZA DA CEÑA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2 km

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena fervenza na parroquia de Liñares (As Neves), no tramo final do río Xuliana, un afluente do Miño.
COMO CHEGAR:

Pola estrada das Neves a Salvaterra, a 2 km, cóllese un cruce á esquerda que sinala A Ceña, séguese a pista, crúzase por debaixo da vía do tren e chégase á fervenza e ao río Miño.

Pódese aproveitar para dar un paseo polas beiras do Miño.

